



Nace *Ollos de aula*, unha revista educativa para dar resposta ás dúbidas das familias

A Coordinadora Galega de ENDL lanza o primeiro número de Ollos de aula, unha publicación de información variada que ten como destinatarias as familias do alumnado non universitario.

As súas páxinas darán cabida á actualidade educativa e a temas de interese pedagóxico e achegarán suxestións para axudar na tarefa educativa ás familias.

A Coordinadora Galega de ENDL dálle a benvida ao novo curso escolar coa publicación de *Ollos de aula*, unha revista para as familias do alumnado non universitario que chegará ás casas a través dos centros educativos e dos Equipos de Normalización Lingüística.

A publicación ten como obxectivos achegarlles ás familias información variada ao redor da educación e convidalas a reflexionar sobre aqueles temas que lles preocupan como nais e pais. Ao longo das distintas seccións procurarase darlle resposta ás preguntas que formulen as familias, afondar en temas de actualidade, explicar conceptos propios do ensino ou achegar suxestións (lectura, música, viaxes...) para seren compartidas cos fillos e fillas, sen esquecer, loxicamente, a actualidade da lingua galega e as reflexións sobre a súa aprendizaxe.

Os artigos estarán asinados por profesionais do ensino e especialistas na materia que se trate co obxectivo de que a información sexa rigorosa e se axuste o máximo posible á realidade que se vive nos centros e nas casas.

Ollos de aula ten unha periodicidade mensual, unha extensión de oito páxinas e pode ser personalizada por cada centro ou ENDL para adaptala á súa realidade máis próxima. A súa maquetación permite unha fácil impresión e presenta unha versión dixital para ser difundida pola rede a través da páxina www.coordinadoraendl.org, onde xa rexistrou 1.300 descargas nas primeiras 24 horas dende a súa presentación pública.